


## ACORDO DA COAP DO 18 DE NOVEMBRO DE 2016 SOBRE O SORTEO DA ORDE DOS VOGAIS DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DOS CONCURSOS DE ACCESO DE PRAZAS DE PROFESORADO TITULAR DE UNIVERSIDADE E DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR, ANO 2016

Na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) do 18 de novembro de 2016, tivo lugar o sorteo da orde dos vogais das comisións de seleccións dos concursos de acceso de prazas de profesorado titular de universidade e de profesorado contratado doutor para o ano 2016 propostas polos departamentos, tomando o seguinte **ACORDO**:

Os vogais titulares e suplentes das propostas das comisións de selección enviadas polos departamentos e que, no momento do sorteo, cumpran coa normativa vixente, terán a seguinte orde:

- Vogal titular 1, o que figura na proposta como vogal 3
- Vogal titular 2, o que figura na proposta como vogal 5
- Vogal titular 3, o que figura na proposta como vogal 4
- Vogal suplente 1, o que figura na proposta como vogal 2
- Vogal suplente 2, o que figura na proposta como vogal 1
- Vogal suplente 3, o que figura na proposta como vogal 6



No momento de realizar o sorteo hai dúas propostas que, según os datos que obran na vicerreitoría, non cumpren coa normativa vixente, polo que quedarían fóra deste sorteo. Estas propostas son as do departamento X13 para a área 140 e a do departamento X04 para a área 215.

O luns, 21 de novembro de 2016, recibíuse nesta vicerreitoría, comunicación da Universidade de Sevilla na que se indicaba que, a proposta da comisión de selección enviada polo departamento X04 para a área 215, cumpría no momento do sorteo coa normativa vixente e, polo tanto, quedaría incluída, a dita proposta, dentro do sorteo realizado o venres, 18 de novembro de 2016, quedando unicamente excluída a proposta do X13 para a área 140, que se sorteará na próxima reunión da COAP.

Este acordo anula o acordo publicado o día 18 de novembro de 2016 e con rexistro de saída nº 201600019500.

Vigo, 22 de novembro de 2016

A presidenta da COAP



Ana M<sup>e</sup> Graña Rodríguez